

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
PLN/2022/7	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Extraordinaria Motivo: «Aprobación de convenio de cooperación coa Deputación provincial para encomenda de xestión do servizo de vixilancia e inspección en materia de residuos.»
Data	21 de xullo de 2022
Duración	Desde as 9:34 ata as 10:53 horas
Lugar	Salón de Plenos
Presidida por	Verónica Tourón Domínguez
Secretaria	Berta Alonso Soto

ASISTENCIA Á SESIÓN

Nome e Apelidos	Asiste
Alejandro Rodríguez Canosa	SÍ
Ana Cristina Pérez Cabaleiro	NON
Joaquín Núñez Troncoso	SÍ
Lucía Pereira González	SÍ
María Dolores Castiñeira Alén	SÍ
Miguel González González	SÍ
Noelia Pérez Domínguez	SÍ
Primitivo González Souto	NON
Rubén González Coto	SÍ
Santiago Rodríguez Davila	SÍ



Verónica Tourón Domínguez	SÍ
Ángela Ledo Souto	SÍ
Ángela Valcárcel Bernárdez	SÍ

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, a presidenta abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Expediente 1667/2022. Aprobación do expediente administrativo de modificación de crédito na modalidade de Suplemento de crédito nº ETV/001/2022/SC financiado con remanente líquido de tesourería

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 7, En contra: 0, Abstencións: 4, Ausentes: 0

Sra. Pereira González: Primeira modificación que se aplica ao orzamento de 2022 aprobado en sesión extraordinaria o 9 de maio e en vigor dende o 12 de ese mesmo mes, data de publicación no Boletín Oficial da Provincia. Modificación que vai facerse na modalidade de suplemento, como se fixo tamén no exercicio anterior, nesta ocasión por importe de 224.346,40€, que veñen a incrementar o Orzamento deste exercicio de 2022 que se aprobou, recordemos, por un importe de 5.460.000€. Como todos lembraredes dende outubro de 2020 as regras fiscais están en suspensión o que fai que poidamos dispoñer dos nosos recursos con máis flexibilidade. As regras fiscais, xa o temos dito, como sabedes son unha serie de parámetros como estabilidade orzamentaria, regra de gasto, que os Concellos debemos cumprir e que moitas ocasións nos impiden dispoñer dos nosos recursos acorde as nosas necesidades. Feita a liquidación do exercicio 2021 no primeiro trimestre como establece a Lei, obtemos o resultado do cumprimento ou non de eses parámetros, outros datos económicos de interese que despois se reflexan na Conta Xeral, esta Conta Xeral xa está en proceso de aprobación, de feito agora mesmo está en exposición pública, e pola tanto os datos son de público coñecemento. En concreto, no tema que nos ocup, o dato que nos interesa é o remanente de tesourería, e que neste exercicio de 2021 nesa liquidación temos un importe de 742.000€. Unha vez practicados os axustes o que nos queda de remanente de tesourería para gastos xerais son 232.000€. Unha das consecuencias da suspensión da regra fiscais é a libre disposición deste remanente de tesourería e polo tanto, a proposta que lle vai facer este equipo de goberno que conta co aval de intervención e tamén co visto bo de tutela financeira, é a utilización deste remanente de 200.000€ para complementar partidas que a día de hoxe están sen crédito e que xa teñen facturas imputadas, polo tanto, a única maneira de poder pagalas neste exercicio é con esta inxección de crédito que propoñemos facer, creo



que é a proposta máis lóxica, si hai facturas pendentes de pago apliquemos o suplemento para darlle crédito a esas partidas e poder pagalas dentro de este exercicio e que non teñan que ir a recoñecemento extraxudicial de crédito.

Na súa maioría trátase de dotar crédito a partidas que non o teñen, son en concreto 138.542,34 € para o pago de facturas e os cen mil restantes, menos de cen mil, son para crear ou dotar unha serie de partidas. Por un lado, nas últimas semanas houbo varias concesións de subvencións que teñen achega municipal, polo tanto moitas delas son do capítulo de inversión, 6000€ van ao capítulo de inversión para a rehabilitación da vivenda de Fontán, para convertela en vivenda social, son 6000€ de achega para este exercicio 2022 que non o tiñamos previsto no orzamento e que sería unha mágoa perder a subvención por esta achega. Tamén a Xunta de Galicia concedeu unha subvención para a adquisición dunha trituradora que tamén ten achega municipal, neste caso de 7500€. Temos tamén outra subvención de residuos que consiste en unha serie de accións e adquisición para o fomento da compostaxe doméstico e para esta subvención son 6000€ e hai tamén unha achega a un convenio que pretendemos asinar coa Deputación de Pontevedra que ten financiación polo tanto vamos a poñer esa financiación con cargo a este suplemento que son 1800€ para sumarnos ao convenio CAAN, servizo de recollida de animais, que creo que é unha boa nova para todos. Faise tamén unha achega para incrementar as partidas de asistencias técnicas e xurídicas e tamén 21000€ para as partidas de carburantes e combustibles. Isto é a modo xeral o que se pretende facer que como xa dixen, a suspensión das regras fiscais, medida que inicialmente se tomou para os exercicios 2020 e 2021 no contexto da crise xerada, económica e social, pola COVID-19 pero que foi prorrogada tamén para o exercicio de 2022 e que agardo que o Goberno Central teña a ben suprimir definitivamente, son medidas que nos lastran aos Concellos, levámolo repetido en numerosas ocasións, non nos deixa dispor dos nosos recursos. Os Concellos non somos empresas, non estamos aquí para xerar beneficio nin para ter remanente no banco, os Concellos creo firmemente que o diñeiro que recibimos dos nosos veciños a través de impostos, de taxas e de outras administracións, porque nos corresponde, creo que temos a obriga de reinvestilo na súa totalidade na veciñanza e non acumulalos no banco porque unha lei así o dispoña, para que a suma de todas as entidades dean as contas do Estado Central.

Dicir que o Concelleiro Joaquín solicitou unha serie de documentación, inicialmente o listado de facturas que se van a pagar con cargo a este suplemento se aportou ao expediente xa e recentemente o martes recibimos outra solicitude, que era as obrigas recoñecidas en unha serie de partidas, nesta ocasión non se vos puido facilitar, esta semana non hai ninguén no departamento de intervención, un imprevisto, unha baixa médica da interventora e sumado ás vacacións da auxiliar fai que esta semana non haxa ninguén e non se vos puido facilitar. Na solicitude dicía para mellor estudio do expediente e para a valoración, non sei si queredes igualmente que para a semana que ven se vos facilite ou si unha vez pasado o pleno non tedes interese nesta documentación. A proposta é incrementar o orzamento



con cargo ao remanente, o fin que se lle vai a dar é o pago de facturas e achegas a subvencións.

Sr. Núñez Troncoso: Por cuestión de orde, primeiro, a documentación que solicitamos o que pedimos é as obrigacións que hai pendentes de pago tanto recoñecidas, que entraron por rexistro, como non recoñecidas respecto das partidas de carburantes, enerxía eléctrica e telefonía. Creo que a Concelleira de área debería ter ese dato. Por outro lado, tamén quería que nos aclarara o tempo de intervención, como é a modificación do orzamento entendo que son 10 minutos de intervención. Nós atopamos, a dous meses e doce días máis tarde de aprobar o orzamento, que aprobaron vostedes o orzamento o 9 de maio de este ano fai dous meses, e veñen agora a recoñecer o que nós dicíamos por aquel entón por activa e por pasiva, que había partidas, bastantes partidas sobre todo vinculación 1-2 sen crédito suficiente, e agora dous meses máis tarde de aprobar nos veñen a recoñecer o que nós dicíamos. Vostedes erre que erre que o crédito había que velo a nivel vinculación, que estamos de acordo, pero erre que erre que hai crédito, pois aquí teñan a primeira metida de pata, o di o informe de intervención, unha deficiente previsión de gastos, deficiente total, ou o di a propia Alcaldesa, deficiencias na tramitación administrativa, menos mal que o recoñece. É inconcibible que facturas que entraron en rexistro o día 3 de xaneiro do 2022 aproban vostedes o orzamento o 9 de maio e esa partida non ten crédito suficiente, si está creada pero non ten crédito suficiente, unha factura que entrou o día 3 de xaneiro, se iso é previsión, planificación, apaga e vamos.

A maioría de facturas, como tamén recoñece a propia Alcaldesa, son de traballos feitos nos meses de xaneiro, febreiro, así está, ven na memoria da Alcaldía e así o recolle tamén o informe de intervención. Volvo a repetir, como é posible que ese tipo de traballos non se contemplaran no orzamento? Vou poñer uns cuantos a nivel de exemplo porque son máis de 120 factura. Por certo Sra. Concelleira, nós pediamos copia das facturas ou relación desas facturas, nos envían unha relación e non sabemos cando entran por rexistro, non sabemos a data de emisión, iso se chama transparencia. Non previron vostedes gastos para arrendamento do solar do aparcadoiro, que como dicía antes é unha factura do 3 de xaneiro, non previron os gastos para limpeza varias das dependencias da Policía de Local, unha factura do 14 de xaneiro, non previron os gastos para o vestiario da Policía Local unha factura do 28 de xaneiro de 1800€, non previron os gastos para limpeza viaria do casco urbano, do Penedo Redondo ou de algunhas sendas factura do 28 de febreiro de 1600€, non previron gastos para a recollida de animais vagabundos, factura do 1 de marzo, etc...son moitas como dicía antes, máis de 120 facturas. Agora resulta que tamén van a incrementar o gasto en 42500€ para pagarlle ao arquitecto, avogado e técnica de medio ambiente, por certo Sra. Alcaldesa persoal que non pertence ao plantel deste Concello e persoal que está traballando irregularmente para este Concello. Como vostede o recoñeceu cando estaba na oposición, incumprimento da Lei de Contratos, reparo tras reparo de intervención cada vez que se paga unha factura advertindo de esa irregularidade e xa levamos anos, pois aí seguen con esa



irregularidade, salvo que fixeran os contratos ultimamente, pero hai uns meses cando solicitamos estes contratos non estaban. Pero aínda hai cousas máis graves, nos últimos días nos cortan o subministro dos carburantes por impago, nos cortan o subministro para vehículos de vías e obras, nos cortan o subministro para o camión de Protección Civil, nos cortan o subministro de carburantes para a Policía Local, nos cortan o subministro de carburantes para os vehículos de limpeza viaria e nos cortan o subministro de carburantes para a os vehículos de recollida de lixo, agora resulta que consignan 21.000€ incrementan esas partidas en 21.000€ e a pregunta que nós facemos é, 21.000€ será para pagar o que teñen pendente, ata agora, será suficiente para pagar as facturas que veñan de carburantes ata final de ano? Nós creemos que non, non vaia a ser que levemos unha sorpresa que nos digan que si e logo para o ano haxa que recoñecer facturas de subministro de carburantes. Se isto é grave o que está pasando, peor é a súa nota de prensa de fai dous días di vostede *“dejó de suministrarnos pero se le esta pagando como se le pagó siempre hasta ahora”*. Vostede cre que se pode pagar unha factura, neste caso, unha empresa local, en seis meses un ano por importes bastantes elevados, vostede sabe en que prazo hai que pagar as facturas, me imaxino que o sabe e me consta que o sabe, dende logo non é o prazo nos cales está pagando o Concello agora mesmo as facturas, non so de subministro de carburantes, senón doutros conceptos tamén. Levan vido recoñecementos de facturas de máis dun ano dende que se fixo o traballo ata que se pagou, *“dicha gasolinera está pasando dificultades económicas y por ello solo acepta pagos al contado”*. De verdade que unha Alcaldesa pode facer unha manifestación deste tipo? Como unha Alcaldesa, un cargo público pode dicir que unha empresa, neste caso local, pasa dificultades económicas, ese é o apoio ao comercio local que vostede di Alcaldesa? Con este tipo de manifestacións o que está facendo e poñer en dúbida a viabilidade desa empresa, porque isto é inadmisíble, o que vostede manifestou dunha prensa local, sigo *“las administraciones manejamos unos plazos que ahora esta empresa no puede aceptar”*. Os prazos os di ben claro a Lei de Morosidade. Vostede sabe cal é o prazo e vostede ten que adaptarse a ese prazo pero polo que e se ve non, vostede dille a empresa que se adapte aos seus prazos de pago. Vostede terá que dicirle a empresa que vai a adaptar aos prazos que lle di a lei e non aos prazos que ten acostumados este Concello, o goberno local. Vendo esta nota de prensa e xa non como Concelleiro senón xa como veciño sinto vergoña do goberno local agora mesmo sinto vergoña do goberno local que este transmitindo a imaxe dun Concello pufero é lamentable, que non son os veciños de Salceda é o goberno local quen está transmitindo esa imaxe lamentable.

Respecto a nosa posición a este suplemento de crédito, nós nos vamos a abster, porque ao final aquí están recoñecendo o que nós dixemos por activa e pasiva fai dous meses e doce días, que as partidas eran insuficientes e agora se están incrementando o que estabamos dicindo nos hai dous meses é o que están facendo agora incrementando esas partidas que eran xa de por si deficitaria como o advertía o propio informe de intervención.

Sra. Castiñeira Alén: Acabo de quedar un pouco descolocada co posicionamento do



voto do Partido Popular, manifestando a súa abstención, eu entendía que o que querían vostedes era aprobar este punto para pagar aos provedores, ás empresas, non acabo de entender esta posición tan incoherente e antes de arrancar coa miña quenda de intervención, gustaríame saber unha cousa, vostedes van a solicitar un pleno extraordinario para aclarar o corte de combustible dunha empresa a este Concello? Ou vai quedar debatido neste punto? É importante porque necesito sabelo, van a solicitar ese pleno extraordinario? E ademais como manifestaron van solicitar algunha dimisión por elo? Unha vez que me aclaren isto despois utilizo a miña quenda de intervención.

Sr. Rodríguez Davila: O que é sorprendente é que o goberno pregunte á oposición. Xa o teño dito máis veces a este goberno bipartito que este grupo decide como, cando toda a súa acción política, polo tanto seremos nós cando solicitemos ese pleno, si o vamos a solicitar en función da situación que vai cambiando día a día respecto do inicialmente manifestado e polo tanto, será este grupo quen vai a decidir si vai pedir o pleno nos próximos días, si vai pedir dimisións ao respecto en función da toda a documentación que vostedes, por certo, non nos están transmitindo tal e como manifestou o compañeiro Joaquín e unha vez teñamos toda esa documentación e verifiquemos todo e tamén a raíz das declaracións dos últimos días da Sra. Alcadesa, tomaremos unha decisión ao respecto que será pública e coñecida por todos e tamén por vostedes. Polo tanto, entenderá que non vai ter a resposta exacta no día de hoxe, porque como digo será este grupo quen decida ao respecto, pero por suposto non que queda dúbida de que seguiremos indagando e vamos ir ata ao final, non lle caiba a menor dúbida.

Sra. Alén Castiñeira: Importante está aclaración, señor Portavoz do Partido Popular, porque eu creo que o órgano de debate e de toma de decisión é o órgano plenario e non as redes sociais e a prensa escrita. Eu si me vou centrar neste punto porque intúo que non vai a haber ese pleno extraordinario e eu son persoa de aclarar. Ata o de agora só me pronunciei sobre este tema, o corte de combustible ao Concello nunha entrevista realizada hai uns días en Si Radio, onde falando doutros temas un periodista me preguntou sobre esta cuestión destapada polo Partido Popular de Salceda. onde ademais é o meu nome e o de Movemento Salceda apareceu o mércores nunha nota de prensa que remitiron vostedes aos medios de comunicación e nesa entrevista, evidentemente ao ser preguntada, si me pronuncie e dixen que o Sr. Davila, Santi, tes a costume, xa cho teño dito en algún pleno, de atacarme sexa ou non sexa a miña responsabilidade, sexa ou non sexa un problema orixinado nas miñas áreas. Son persoa de dar a cara, de responder, formo parte dun equipo de goberno, teño responsabilidades, non escapo nunca, respondo sempre e ademais fago algo que creo que é a miña obriga facer, que é xestionar e dar solucións. Eu creo que iso é o máis importante e ao que nos deberíamos dedicar todos e todas os que estamos aquí neste pleno. Decía tamén, nesa entrevista, que supoñía que Santi preguntaría, falaría cos responsables desa empresa antes de verter tales afirmacións, imaxinaba que antes tería ese pequeno detalle de ir a falar coa empresa e informarse e non facer o que fixeron vostedes, por o foco sobre a



empresa, un erro gravísimo, sumamente grave falar da empresa, foron vostedes quen sacaron á palestra esta problemática. Eu négome a seguir facendo o que fixestes ata o de agora, pondo o foco sobre a empresa, unha empresa do noso pobo porque era innecesario e era inxusto si o que queriades era atacar a este goberno e xa o colmo, chegou uns días despois coas declaracións onde o Sr. Santiago Rodríguez Davila portavoz do Partido Popular, falaba dunha trama por parte de Movemento as declaracións dicían así: *“No se sabe si es un boicot del partido Movemento Salceda de la ex-Alcaldesa hacia la nueva Alcaldesa de PSOE por rencilla por tener que cederle la alcaldía”* insinúa Santiago Rodríguez. Non vin ningún desmentido nas súas redes sociais sobre este aspecto, eu entendo que entonces deben ser tal cal, de verdade que pouca seriedade e que forma tal burda de facer política, non lle parece? Isto si que é facelo ridículo no medio de comunicación, Joaquín, iso si que é facer o ridículo. Coñecemos todos a obsesión do Partido Popular, a veciñanza tamén, con Movemento Salceda e en particular comigo e non só vostedes, as súas páxinas anónimas que tanto bombo lle dan as inquedañas, as verdades que algún día diremos quen as xestiona e como lles axudan nesa labor o obxectivo está claro, moi claro, atacar a Movemento Salceda en especial a esta que lles fala. O que xa nos parece increíble e inaudito pensar que unha empresa que decide deixar de traballar co Concello sexa tamén unha trama de Movemento Salceda, bastante patético. Diciámolo cando nos pronunciamos publicamente, que pensa o ladrón que todos son da súa condición. Non din explicacións deste asunto, nin eu nin a compañeira Lucia, responsable de Facenda, porque a compañeira e Alcaldesa Verónica Tourón así nolo pediu, que sería ela quen dese as explicacións, ela é a máxima responsable e así o fixemos, sabedes, podeades criticarme por moitísimas cousas e que cometo moitísimos erros, pero si algo teño é que vou de fronte, sempre dou a cara e sempre declaro cada vez que se me pregunta, quero deixar ben claro dúas cousas primeiro: Movemento Salceda sempre xestionou e pagou, incluso cando algún funcionario público, porque isto ten moita historia, o quixo impedir cando supuxo a apertura dun expediente disciplinario que logo conlevou, igual ten mal memoria, a un conflito laboral e logo levou a unha situación nunha campaña electoral un tanto singular. ou deixar cousas no tinteiro porque igual hai pleno extraordinario, dará para falar máis de elo. En definitiva, o que queremos hoxe é aprobar esta modificación para facer fronte as nosas obrigas e resolver os problemas a nosa veciñanza e as empresas do noso pobo e as de fora, por iso que non acabo de entender a súa abstención, como non podería ser de outro seixo Movemento Salceda vai votar a favor para resolver un problema.

Sr. Núñez Troncoso: Sra. Dolores Castiñeira falou de todo menos do punto que se trata. Di vostede que nós poñemos o foco sobre a empresa, é increíble, ou sexa vostedes son uns puferos non lle pagan a empresa e a responsabilidade é do Partido Popular, o mundo ao revés, o problema é do Partido Popular de que non se lle pague o subministro do combustible? Fala vostede de que facemos o ridículo, o ridículo o fan vostedes ao non pagarlle ás empresas en tempo e prazo e que quedemos os Salcedenses como puferos, iso si que é facer o ridículo. Que é unha decisión da empresa deixar de traballar co Concello e que faría vostede na situación da empresa



cando pasan meses e meses e máis meses e non se lle paga? Vostede seguiría subministrando combustible cando pasan meses e meses e segue sen cobrar? Normal que a empresa tomara esa decisión, normal e lóxica. A empresa o que está a facer, aínda por enriba de non cobrar, está financiando ao Concello. Para rematar en canto ao expediente disciplinario xa non sei si entrar, pero podemos entrar noutro pleno, só lle digo que hai unha resolución xudicial, vostede saberá o que di esa resolución xudicial, a resolución xudicial di claramente que non hai motivo de expediente disciplinario cando queira léao. Que pena que non o publicara na prensa ese fallo xudicial e despois xa veremos como se pagou a factura externa que pediu vostede.

Estamos ante un expediente que di claramente a forma de elaborar, de planificar e de xestionar o orzamento que se fai neste Concello e non é este o primeiro ano, xa levamos moitos anos e despois chegamos ao ano seguinte e vemos como no último ano un recoñecemento de 1.750.000€ de facturas que deixaron vostedes sen pagar, por certo que ten vostede o récord que deixo case dous millóns de euros sen pagar, así é fácil e as empresas sen cobrar.

Sra. Alén Castiñeira: É curioso que o Concelleiro de Facenda durante moitos anos fale do nivel de endebedamento deste Concello, que pouca memoria ten Joaquín. Repito, eu sempre asumo responsabilidade e sempre digo que se pode ser mellor e facelo mellor, porque o meu obxectivo na vida é facelo mellor, pero ten tela que o Concelleiro de Facenda, prefiro non falar da súa xestión do pasado e centrarme en arranxar ao do presente. A empresa que nos deixou de subministrar combustibles por diferentes cuestións que vostedes descoñecen, ou polo menos non tiveron o detalle de preguntar, vai traballar con nós en breve, así o queren eles e así o queremos nós, e iso é o importante, vir a esta sesión plenaria coa intención de solucionar, de arranxar, de dotar a partida de crédito para pagar e vostedes sen embargo o que van facer é absterse. Repito, a empresa vai voltar a traballar con este Concello máis pronto que tarde e o que pretendemos é solucionar este problema de pago. Teño unha pregunta, no seu caso non ten unha empresa pero creo que o portavoz do Partido Popular si ten unha empresa, nunca un provedor deixou de traballar con vostede por diferentes cuestións? Eu veño da empresa e asegúrolle que moitos e moitas deixaron de traballar por diferentes cuestións, porque non había liquidez, porque os pagarés a 60 días non eran soportables, por moitísimas cuestións. Repito, non volvan a facer isto con ningunha empresa do pobo nin que non sexa do pobo, que aquí todos nos coñecemos, pídolle por favor que non volvan a facelo, ataquen a este goberno pola falta de xestión. Veñen dicindo o dos problemas económicos xa non sei canto anos e seguimos aquí, dende hai quince anos os mesmos problemas económicos, que son as nóminas altas seguimos aquí, traballando para a veciñanza. Cambien, fagan outro tipo de política de cara, de ataque a nós ao goberno pero non as empresas do pobo que iso está moi mal.

Sr. Nuñez Troncoso: Cada vez se supera máis , Sra. Dolores Castiñeira, ademais con datos que eu non sei de onde os quita. Di que votei moitos anos de Concelleiro de



Facenda, comprobe a hemeroteca. Acaba de dicir que a empresa vai traballar en breve, nós alegrámos, pero posiblemente despois de que lle paguen, me imaxino, só faltaría que lle pagaran e vostedes lles prohibiran a empresa traballar para o Concello, que xa ten pasado en algún caso, o máis normal e o máis lóxico é que unha vez que cobre a empresa volva a traballar, a subministrar ao Concello, pero apoiar ao comercio local e pagarlle despois de seis meses e a algúns provedores máis dun ano, financiando ao Concello, non creo que sexa moi correcto cando a Lei di claramente o prazo en que hai que pagar as facturas.

Mencionaba vostede ao noso portavoz que ten unha empresa privada e si tivo algún caso de impago, vostede non creo que teña moita experiencia niso porque non me consta que tivera unha empresa privada, polo tanto vostede non ten ni idea do que é xestionar unha empresa privada. Problemas económicos, temos agora mesmo enriba da mesa un expediente que di claramente os problemas económicos que ten o Concello, que veñen a recoñecer a metedura de pata que tiveron fai 2 meses e 12 días, iso di moito do goberno. Outros exemplos de problemas económicos, recoñecer ao ano seguinte 1.750.000€ de facturas que non tiñan cartos para poder pagarllo, iso é xestionar o Concello.

Sra. Pereira González: En canto a documentación, vostede solicitou unha serie de documentación e eu son Concelleira pero non son técnica, fago moitísimos máis traballos técnicos dos que debería e administrativos, pero non son técnica, polo tanto a información e a documentación que vostede pide hai que quitala do programa de contabilidade e ten que esperar a que haxa persoal no departamento de intervención. Sigo sorprendéndome coas posturas do Partido Popular no eido económico, en todo caso alégrome de que sexa abstención e non voto en contra como xa aconteceu nalgunha ocasión, pero dende logo é incoherente. Están solicitando que paguemos aos provedores, incluso nalgún pleno rogou que paguemos aos provedores e cando traemos propostas a este pleno para pagar aos provedores, vostedes votan que non, cando traemos o recoñecemento extraxudicial de crédito, que non é outra cousa que unha proposta de pago das facturas que estaban sen pagar, votades votan que non, cando traemos un suplemento de crédito para minorar ese recoñecemento extraxudicial de crédito, para evitar que estas facturas vaian ao recoñecemento se absteñen, por non votar que non, porque en fin a súa postura xa é insostible de cara aos provedores, si por vostedes fora co seu voto non cobrarían.

En canto á situación coa empresa subministradora de combustible, paréceme bastante rastrero poñer na palestra a decisión dunha empresa que libremente, faltaría máis, cada un é libre de decidir con quere con que quere traballar e con quen non e paréceme rastrero porque que o faga alguén con descoñecemento dos datos pois pode ser, pero vostedes descoñecemento non teñen. Non sei si faláron coa empresa ou non pero non lles fai falta falar coa empresa, vostedes piden regularmente o acceso ao rexistro de entrada e saída e piden regularmente o acceso ao rexistro de facturas, que están duplicadas xa llo llevo dito en varias ocasións,



entendo que cando piden é para analízalo, estudialo e non solo para xerar traballo aos departamentos administrativos e si vostedes teñen acceso ao rexistro saben perfectamente o que pasa coa facturación, sábeno. Por non falar de todos os episodios que se levan acarreado neste Concello en canto á situación administrativa complexa que hai detrás de todo isto da falta de pago, que non lle vou a negar que a haxa porque a hai, pero detrás da falta de pago hai unha situación administrativa moi complexa que vostedes a coñecen, que non está nas nosas mans resolver por iso que facer panorama de todo isto é salpicar a empresa.

En canto ao listado de facturas, o mesmo Joaquín, vostedes piden regularmente acceso ás facturas, teñen as facturas, agora piden tamén acceso un listado de cales son esas facturas, aquí ten o listado e vostede ten as facturas porque as solicita regularmente, o que non vamos é facerlle a vostede o traballo administrativo. Vostede ten as facturas e ten o listado, si necesitan máis datos da factura busque a factura que a ten, teñen a documentación, teñen que ordenala.

Sr. Rodríguez Davila: Primeiro se nega practicamente a realidade, despois se pretende culpar a quen non xestiona este Concello, en terceiro lugar insinuase que nós atacamos a empresa. Nós non desvelamos conversacións privadas, nin reunións privadas, nin whatsapps privados, etc... vostede sabe exactamente igual que eu igual que o sabe a Sra. Alcadesa, de todo o sucedido nas últimas semanas, polo tanto nós cando damos unha información para que os veciños coñezan a realidade do que está sucedendo no noso Concello por suposto que verificamos, por suposto que contrastamos e por suposto que temos o ok, o beneplácito de quen está a sufrir, e que vostedes veñan aquí pretendendo atacar para intentar defender o indefendible, que como ben dixo o compañeiro Joaquín, levamos anos coa mesma situación e que vostedes eludan da súa responsabilidade da nefasta xestión económica do impago reiterado a varias dúcias de empresas nos últimos anos é como si aquí non pasase nada, pero isto que é?

Este é o recoñecemento da nefasta xestión, porque dous meses despois de aprobar o orzamento vostedes veñen aquí a facer unha rectificación en toda regra, a vostedes mesmos, si hai facturas de xaneiro que non pagaron no propio orzamento que aprobaron en maio e vostedes aquí como si non pasara nada, incluso que non nos metamos. Éa nosa labor denunciar o que vostedes están facendo con este Concello, co impago reiterado, a vergoña allea que senten os veciños do goberno por impago, por non pagarlle aos provedores. Claro que sabemos da tramitación administrativa do complexo, claro que o sabemos, pero unha cousa é dilatar x meses no tempo e outra cousa é o que está pasando aquí dende hai moitos anos. Non é neste último mes, isto é ano tras ano, tras ano, pero como se pode xestionar un Concello de 5,4 millón de euros de orzamento e deixar sen pagar dous millóns de euros de facturas, vostedes creen que iso é serio, vostedes creen que iso é responsable? Si vostedes estiveran na empresa privada estarían todos destituídos automaticamente pola nefasta xestión, o que pasa aquí é que como somos cargos públicos e aquí nos colocamos e nos asignamos o soldo, non pasa nada. É



lamentable e o máis triste é a actitude prepotente que teñen vostedes ao respecto desta situación, non por nós, senón pola xente que está a padecer a nefasta xestión de vostedes.

Este Grupo, como xa lle teño dito en varias ocasións, vai a tomar as decisións que estime oportunas como as tomou ata o de agora, non se preocupe, as toma e as tomará e como en todo, chegaremos a onde creemos que debemos chegar e nós cando denunciemos publicamente certas cuestións, é porque nos avalan os informes, nos avalan os datos e o máis triste, nos avala a verdade e a realidade da situación porque iso é o que sucede reiteradamente.

Sra. Castiñeira Alén: Por alusións voulle preguntar unha cousa e quero que me responda, vostede falou desta situación coa empresa ou os datos con que sacou a nota de prensa son os únicos que lle trasladou un usuario usuaria da gasoleneira que fai uso desa empresa do noso Concello? Repóstemme vostede falou da situación coa empresa antes de emitir unha nota de prensa que coñece toda a veciñanza?

Sra. Alcaldesa: O que acabamos de ver neste pleno non sei si é unha loita de egos. si de historias raras, quedan dez meses para as eleccións, vai haber foros e sitios de debate, de mitin e demais que non ten que ser este pleno institucional, que con temas moi serios que afectan a moitas persoas e que ao final convertemos isto en un patio de colexio falando a ver quen chega a máis. Creo que non é necesario seguir falando da empresa, non é necesario seguir falando da situación, creo que se está creando unha polémica desmesurada onde non a hai, creo que hai unha situación puntual que todo o mundo que está neste pleno é coñecedor, os trece concelleiros e concelleiras desta Corporación saben cal é a situación puntual, o Partido Popular sabe ou saberá, cando analicen ou fagan o traballo que lle corresponde como oposición como foron acontecendo as cousas, desgraciadamente situacións en moitos casos alleos á empresa e a nós, co cal creo que o tempo vai poñer as cousas no seu lugar e vai a aclarar esta situación. Volvo a insistir, creo que é un tema que afecta desgraciadamente a moita xente, co cal creo que non se pode continuar desta maneira. Eu sei o que falei coa empresa, sei as comunicacións que tiven, as reunións que tiven sempre e en todo momento, pódense ou a prensa puido malinterpretar as declaracións que eu fixen, non houbo nota de prensa, foron unhas declaracións telefónicas e a interpretación de cada un eu ao respecto, non vou seguir entrando neste debate porque creo eu como Alcaldesa e creo que todos e cada un dos concelleiros, de feito no momento en que dixen que non se fixeran declaracións era o momento para seguir en comunicación coa empresa e ademais, creo que é o noso deber, non soltar notas de prensa sen máis, sen falar con ninguén, iso foi o inicio disto, ao final desgraciadamente son interpretacións que non veñen a conto e que non deberían vir e que nin sequera se deberían haber dado. Pola miña parte e como Alcaldesa, creo que é o meu deber, non vou seguir alimentando este circo, vou intentar poñer solucións e vou intentar poñer solucións aprobando este punto que traemos na orde do día porque será unha das solucións que se pode dar, seguiremos traballando na procura de máis, que ese é o noso deber e non crear polémicas e



circos de situacións que non se deberían nin sequera haberse dado porque volvo a insistir, cando todo o mundo estudie a documentación se mirará que desgraciadamente a empresa é allea a algunhas cousas e nós tamén. Paso a dar lectura a proposta de acordo seguinte:

“Como consecuencia de gastos realizados no exercicio 2022 sen dispoñer de crédito axeitado e suficiente na partida orzamentaria, nen na bolsa de vinculación.

Co obxectivo de non minorar o crédito do Orzamento 2022 do Concello de Salceda de Caselas, necesario para os gastos a acometer este ano, faise preciso tramitar unha modificación de crédito na modalidade de suplemento de crédito, que repoña parte do crédito da vinculación 1-2.

Visto o Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais resultante da Liquidación do Orzamento 2021, aprobada por Decreto de Alcaldía con data 23/02/2022, a modificación que se propón financiarase con ese recurso financeiro,

Trátanse, polo tanto, de gastos específicos e determinados que non poden demorarse ata o exercicio seguinte porque xa foron realizados, todos eles devengados no 2022, e recibidos en conformidade por esta Administración, segundo se dilixencia polo servizo ou autoridade correspondente no mesmo xustificante de gasto. Non debemos trasladar ás mercantís as deficiencias na tramitación administrativa que, por diversas causas, se produxo, de acordo co principio de prohibición do enriquecemento inxusto que se derivaría da existencia dunhas obras, suministros e servizos prestados en conformidade ao Concello de Salceda de Caselas e que deberán ser aboados.

A situación actual de suspensión das regras fiscais, dende o 20 de outubro de 2020 permite unha marxe de manobra que esta corporación deberá utilizar con prudencia e conforme as instrucións recibidas do órgano de tutela autonómico, a Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos da Xunta de Galicia, que sinala:

‘(...) a suspensión das regras fiscais non implica a suspensión das obrigas que teñen as administración públicas en canto a loita contra a morosidade comercial e o cumprimento dos prazos de pagamento, polo que, antes de destinar o superávit ou o remanente de tesourería para gastos xerais a outros fins, deberían atenderse as obrigas da conta 413 e equivalentes, e o resto de obrigas pendentes de pagamento con provedores (...).’

Visto o informe da intervención municipal núm. 2022-0146.

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable, procedendo a súa aprobación inicial polo Pleno, de conformidade co disposto no artigo 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das



Facendas Locais, aprobado por Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, e no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Esta Alcaldía propón ao Pleno, previo dictame da Comisión de Facenda, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- *Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito nº ETV/001/2022/SC na modalidade de suplemento de crédito por importe global de 224.346,40 euros financiado con remanente líquido de tesourería para gastos xerais resultante da liquidación do exercicio anterior.*

Esta modificación afectará ás seguintes partidas de acordo co detalle que se detalla:

Altas en partidas de gastos

Programa	Economía	Denominación	Importe
133	200	Arrendamentos terreos e bens naturais	126,48
165	210	Infraestructuras e bens naturais	2216,14
165	210	Infraestructuras e bens naturais	584,97
165	210	Infraestructuras e bens naturais	762,30
172	22700	Limpieza e aseo	1435,06
132	22799	Otros traballos realizados por outras empresas e profesionais	70,55
151	22199	Otros suministros	798,60
151	22199	Otros suministros	393,25
133	22000	Ordinario no inventariable	187,55
151	22000	Ordinario no inventariable	1350,36
1532	214	Elementos de transporte	419,85
165	22104	Vestuario	1834,61
132	213	Maquinaria, instalacións técnicas e utillaxe	50,29
163	22700	Limpieza e aseo	7671,40
133	200	Arrendamentos terreos e bens naturais	147,56
135	22702	Valoración e peritaxes	47,36
1622	22799	Otros traballos realizados por outras empresas e profesionais	429,00
165	219	Otro inmovilizado material	1445,89
1622	22799	Otros traballos realizados por outras empresas e profesionais	423,50
165	210	Infraestructuras e bens naturais	2267,84
165	210	Infraestructuras e bens naturais	2873,75
165	219	Otro inmovilizado material	1527,02



133	22199	Otros suministros	1800,92
1532	22111	Repuestos maquinaria, utillaxe e elementos de transporte	406,00
1532	22111	Repuestos maquinaria, utillaxe e elementos de transporte	753,20
1532	22111	Repuestos maquinaria, utillaxe e elementos de transporte	235,00
1532	22111	Repuestos maquinaria, utillaxe e elementos de transporte	454,00
1532	22111	Repuestos maquinaria, utillaxe e elementos de transporte	106,56
172	22706	Estudios e traballos técnicos	147,56
1532	210	Infraestructuras e bens naturais	2636,59
171	210	Infraestructuras e bens naturais	1981,98
1532	210	Infraestructuras e bens naturais	3055,25
1532	22111	Repuestos maquinaria, utillaxe e elementos de transporte	644,60
1532	22111	Repuestos maquinaria, utillaxe e elementos de transporte	37,18
171	22111	Repuestos maquinaria, utillaxe e elementos de transporte	20,46
171	22111	Repuestos maquinaria, utillaxe e elementos de transporte	25,00
172	210	Infraestructuras e bens naturais	257,27
172	22700	Limpieza e aseo	7392,00
1532	214	Elementos de transporte	40,74
1532	214	Elementos de transporte	38,40
1532	214	Elementos de transporte	14,75
1532	203	Arrendamento de maquinaria, instalacións e utillaxe	193,60
163	22110	Productos de limpeza e aseo	27,52
171	22111	Repuestos maquinaria, utillaxe e elementos de transporte	48,46
1532	22111	Repuestos maquinaria, utillaxe e elementos de transporte	30,23
172	22111	Repuestos maquinaria, utillaxe e elementos de transporte	22,59
1621	212	Edificios e outras construcións	1500,94
1532	22104	Vestuario	34,85
1622	22797	Otros traballos realizados por outras empresas e profesionais	14265,90



165	22706	Estudios e traballos técnicos	1815,00
165	22100	Enxía eléctrica	106,30
165	22100	Enxía eléctrica	787,80
165	22100	Enxía eléctrica	593,15
160	22100	Enxía eléctrica	1237,82
165	22100	Enxía eléctrica	208,91
165	22100	Enxía eléctrica	285,11
165	22100	Enxía eléctrica	624,57
165	22100	Enxía eléctrica	2591,09
165	22100	Enxía eléctrica	704,53
165	22100	Enxía eléctrica	1144,03
165	22100	Enxía eléctrica	16,76
165	22100	Enxía eléctrica	328,77
165	22100	Enxía eléctrica	256,61
165	22100	Enxía eléctrica	666,09
165	22100	Enxía eléctrica	832,60
165	22100	Enxía eléctrica	534,97
165	22100	Enxía eléctrica	645,48
165	22100	Enxía eléctrica	775,83
165	22100	Enxía eléctrica	776,99
165	22100	Enxía eléctrica	621,96
165	22100	Enxía eléctrica	983,00
165	22100	Enxía eléctrica	710,42
165	22100	Enxía eléctrica	112,02
165	22100	Enxía eléctrica	966,39
165	22100	Enxía eléctrica	1051,82
165	22100	Enxía eléctrica	711,89
165	22100	Enxía eléctrica	789,87
165	22100	Enxía eléctrica	792,11
165	22100	Enxía eléctrica	777,35
165	22100	Enxía eléctrica	237,58
165	22100	Enxía eléctrica	1072,34
165	22100	Enxía eléctrica	109,14
165	22100	Enxía eléctrica	1378,71
165	22100	Enxía eléctrica	1363,62
165	22100	Enxía eléctrica	2109,01
165	22100	Enxía eléctrica	11,84
165	22100	Enxía eléctrica	807,68
165	22100	Enxía eléctrica	2072,11



165	22100	Enexía eléctrica	677,90
165	22100	Enexía eléctrica	575,97
165	22100	Enexía eléctrica	750,78
165	22100	Enexía eléctrica	1065,47
165	22100	Enexía eléctrica	60,40
165	22100	Enexía eléctrica	945,75
165	22100	Enexía eléctrica	22,35
165	22100	Enexía eléctrica	315,62
1532	214	Elementos de transporte	1025,85
151	22199	Outros suministros	157,30
1532	22111	Repuestos maquinaria, utillaxe e elementos de transporte	15,01
1622	22798	Otros trabajos realizados por outras empresas e profesionais	403,10
1622	22798	Otros trabajos realizados por outras empresas e profesionais	4873,44
1622	22798	Otros trabajos realizados por outras empresas e profesionais	1312,08
1532	22799	Otros trabajos realizados por outras empresas e profesionais	880,88
172	22799	Otros trabajos realizados por outras empresas e profesionais	381,15
133	22799	Otros trabajos realizados por outras empresas e profesionais	883,30
160	22100	Enexía eléctrica	0,40
132	214	Elementos de transporte	1358,70
1621	214	Elementos de transporte	518,34
135	22104	Vestuario	488,36
171	22111	Repuestos maquinaria, utillaxe e elementos de transporte	40,99
1621	219	Outro Inmobilizado material	405,00
133	22199	Outros suministros	499,13
1532	210	Infraestructuras e bens naturais	5566,00
1532	210	Infraestructuras e bens naturais	3085,50
135	22104	Vestuario	103,96
171	210	Infraestructuras e bens naturais	719,95
171	210	Infraestructuras e bens naturais	1892,26
171	210	Infraestructuras e bens naturais	961,95
163	22700	Limpieza e aseo	7671,40
1532	210	Infraestructuras e bens naturais	3164,15



165	210	Infraestructuras e bens naturais	2873,75
1532	22103	Carburantes e combustibles	8000,00
135	22103	Carburantes e combustibles	1000,00
132	22103	Carburantes e combustibles	1000,00
163	22103	Carburantes e combustibles	3000,00
1621	22103	Carburantes e combustibles	8000,00
151	22706	Asistencia Técnica Departamento de Urbanismo	10587,50
151	22604	Avogado	11979,00
172	22799	Asistencia Departamento Medio Ambiente	19886,22
1532	22600	Multa DXT	100,00
1622	22799	Convenio CAAN	1820,00
162	22699	Achega municipal á subv Actuacións en materia de Birresiduos (Liña 2 Gastos diversos)	3253,45
162	623	Achega municipal á subv Actuacións en materia de Birresiduos (Liña 2 Cubos compostaxe)	3498,04
162	623	Achega municipal á subv Actuacións en materia de Birresiduos (Liña 1 Trituradora)	7595,00
150	619	Achega municipal á subv. Rehabilitación de vivendas municipais para alugamento social	6084,85
		TOTAL	224346,40

Altas en conceptos de Ingresos

Económica	Descrición	Importe
87000	Remanente de tesourería para gastos xerais	224.346,40 €
TOTAL		224.346,40 €

Segundo.- Ordear a publicación no Boletín oficial da provincia de Pontevedra a efectos do cumprimento do trámite de exposición pública, polo prazo de quince días hábiles durante os cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamación que estimen oportunas. O expediente considerárase definitivamente aprobado si durante o citado prazo non se tiveran presentado reclamacións, no caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Terceiro.- Unha vez que este acordo teña carácter definitivo, enviar unha copia do expediente á Comunidade Autónoma e á Administración do Estado, así como publicar no Boletín Oficial da Provincia, taboleiro de edictos e portal de transparencia. “

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta de aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito nº ETV/001/2022/SC na modalidade de suplemento de crédito, esta resulta APROBADA por SETE votos a favor dos/as Concelleiros/as do



Grupo Municipal Movemento Salceda (4) e PSdeG-PSOE(3) e CATRO VOTOS ABSTENCIÓNS dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal do Grupo Municipal Partido Popular.

Expediente 1105/2022. Aprobación de Convenio de cooperación entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Salceda de Caselas polo que se regula a encomenda de xestión do servizo de vixilancia e inspección en materia de residuos.

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 7, En contra: 4, Abstencións: 0, Ausentes: 0

Sr. González Coto: Publicada a nova Lei 7/2022 de 8 de abril, de Residuos e Solos Contaminados para unha Economía Circular, esta nova normativa supón un cambio substancial no tratamento dos residuos, con novas esixencias para os Concellos, un destes cambios é que os produtores domésticos e comerciais estarán suxeitos a inspeccións por parte das entidades locais, para cumprir os obxectivos de preparación e separación da reciclaxe, todo isto baixo a ameaza de sancións. Vinculado a esta obriga, está a policía local ou funcionarios de carreira que poidan realizar as labores de inspección e que cargará de traballo ao persoal municipal, polo que a Deputación de Pontevedra oferta aos Concellos este convenio que traemos hoxe a aprobación para realizar estas tarefas con un corpo de vixilancia, inspección e control de materia de residuos da propia Deputación.

Este convenio que pretendemos aprobar hoxe é por seis anos, prorrogable a catro máis con bonificacións de carácter xeral para o exercicio do 2022, que serían dun 100%, no 2023 que serían do 60 % e no 2024 e posteriores do 25%, con bonificacións específicas varias como adherirse antes do 31 de xullo de 2022 cun 10% acumulable ás anteriores. O máximo custo do servizo a pagar será de tres euros por habitante e irá cargado nos próximos orzamentos municipais. Os informes son positivos e consultamos coa Deputación as dúbidas que tivemos na Comisión Informativa do Pleno sobre o apartado sancionador do persoal inspector, consideran que está dentro das funcións dese persoal a elaboración das actas e despois as tramitará e ingresarán os Concellos esas sancións.

Sr. Rodríguez Davila: Estamos ante unha proposta do goberno de adherirse a un convenio coa Deputación para inicialmente levar unha serie de traballos de vixilancia e inspección e que acarrearán uns expedientes. Si vemos os informes tanto de Secretaría como de Intervención, nos deixan algunha dúbida ao respecto da viabilidade, no sentido de que esas persoas que van facer ese traballo non se sabe cal vai ser a súa condición dentro da administración pública. Nós creemos que aquí se está facendo demasiado rápido, no sentido de que a Lei está en vigor, se había pedido no seu momento unha ampliación de prazos para que todos os Concellos tiveramos tempo suficiente para poder estar plenamente preparados cando efectivamente entrase a Lei en vigor, non se tivo a ben por parte do Goberno atender



estas peticións e vemos que estamos a finais do mes de xullo, a Lei está en vigor e a día de hoxe non temos, por exemplo, colocados os contedores de color marrón que obriga a Lei e que non se está a cumprir. Entre outras cuestións se pedía, como digo, a ampliación do prazo ata finais do ano 2023 para que, como dixen antes, houbera moito máis tempo de preparación por parte das entidades locais e que cando realmente entrara a lei en vigor todo o mundo, tanto os traballadores dos Concellos como os funcionarios, etc... coñeceran o funcionamento en si deste órgano de control, de como ia ser a tramitación dos expedientes, estivera moito máis claro, moito máis definido e que non houbera o que vai a suceder sen lugar a dúbida, erros, incertezas, me toca a min, o teño que facer eu, non o teño de facer, quen ten que emitir eses informes, si están avalados ou non, si son funcionarios ou un corpo específico creado neste caso concreto e logo que poidan dar os problemas que deron no seu momento os mestres composteiros, etc...Creo que as presas nunca son boas e creo aquí unha vez máis se vai a meter, para dicilo dunha maneira vulgar, a pata, no sentido de que xa veremos como vai haber bastantes problemas ao respecto. Iso non quere dicir que nós non esteamos de acordo con que haxa que cumprir a lei nin moito menos, nin que haxa que facer diferentes accións, por iso nós creemos que é importante que en vez de empezar adheríndose a este convenio para xa automaticamente, que vamos a ver cando, porque isto vai levar meses e meses porque non vai a ser de hoxe para mañá e polo tanto, estamos por parte das Entidades Locais incumprindo a Lei, creo que era máis importante empezar polo que hai que empezar, que son por campañas informativas, campañas de conciencia, campañas reiteradas e persistentes a maiores das que se fixeron no seu momento da reciclaxe etc... antes de empezar como se está empezando.

Nós cremos tamén que si un ve ben o convenio, hai bastantes dúbidas e que deixa maniatado ao Concello en diferentes aspectos. Aquí se pretende firmar un convenio de colaboración por un tempo de seis anos e unha das cláusulas que pon o convenio e que si o goberno de Salceda decide rescindir ese contrato antes dos seis anos, terá que abonar todas as bonificacións, incluída a actualización do IPC de todos eses anos. Aí se ve a clara intención de que hai que cumprir o contrato si ou si, ou si non ten unha sanción. Despois o tema das bonificacións, fálase do 100% para este ano 2022, todos sabemos que para este ano 2022 si entra en vigor ese corpo de inspección van a ser escasos meses e incluso vamos a ver si son capaces de poñelo en marcha este ano e polo tanto a bonificación do 100% xa non sería eficiente para o noso Concello, iso o di o informe de intervención e o de secretaría respecto de que o normal, o lóxico, é que esa bonificación do 100% se aplique durante un ano a partir de que entre en vigor o funcionamento dese corpo de inspección, cousa que aquí non é así, cousa que aquí é que unha vez que vostedes firmen este convenio coa Deputación automaticamente o 100% da bonificación é sobre o exercicio do ano 2022, que reitero, que nese exercicio do ano 2022 si entra en funcionamento este corpo de inspección será nos últimos meses do ano, si entra en vigor, que dúbidas hai e razoables de que poida entrar en vigor este corpo de inspección. Non se fala nada da vinculación orzamentaria do custe, si se fala dunha achega económica de 3 € por veciño pero non hai unha relación cronolóxica da achega orzamentaria que ten que



facen o Concello ano a ano, iso tamén o di o informe de intervención. Creo que son datos importantes que hai que ter en conta para que logo non pase o que está pasando, entre outras cousas o que vimos de debater fai un momento de sorpresas e non contemplar no orzamento o que o Concello ten aportar, pero o máis grave que nós vemos nisto é empezar a casa ao revés, e dicir, en vez de empezar por informar a veciñanza respecto da nova Lei que está en vigor, pois empezamos xa creando un corpo de inspección para xa ir de fronte contra os hostaleiros, os comerciantes, etc... creo que hai que primeiro fomentar, dar a coñecer a Lei e fomentar o que realmente inspira esta Lei.

Sra. Castiñeira Alén: Movemento Salceda ten claro o apoio á aprobación deste convenio, as cuestións técnicas supoño que llas respostará o compañeiro Rubén, Concelleiro de Medio Ambiente e responsable desta área. Eu vou falar máis da parte política, con alta probabilidade este convenio terá carencias, seguro e incluso xerará algún problema de competencias e de asunción de competencias por parte do Concello, pero benvido sexa un convenio máis coa Deputación de Pontevedra. Boto moitísimo de menos convenios con outras administracións, falo da Xunta e podería falar de outras. Do que se trata é de facilitarlle o traballo aos Concellos, colaboración institucional imprescindible para que as cousas saían adiante e esa axenda 2030 da que tanto presumimos non sexa solo un eslogan e vaia dando pasiños cara ao seu cumprimento. Movemento Salceda vai votar a favor e benvido sexa este convenio de cooperación entre a Deputación e pido que existan máis convenios con outras administracións como a Xunta.

Sr. González Coto: Como ben di o compañeiro e portavoz do Partido Popular a primeira obriga que temos como Concello é cumprir a Lei, sen ningunha dúbida, e unha das cousas que nos obrigan é a ter é este corpo de inspección para os residuos domésticos e comerciais. Si é verdade que este convenio fala só do corpo de inspección porque é unha das cousas que a Deputación considera que os Concellos pequenos ou que non teñan moitos traballadores ou funcionarios de carreira ou policía locais que poidan adherirse e ter un persoal que poida facilitar e facer ese traballo e para axilizar, o convenio tamén regula que ao estar adheridos pode facilitar a compra de material en conxunto para que sexa máis económico e despois o material ou fracción marrón como dicimos, as campañas de información, conleva todo iso que evidentemente o corpo de inspección non vai chegar e vai a empezar a sancionar de golpe e porrazo polas peticións que pedimos todo o mundo de que prorrogaran porque non esta cumprindo practicamente ningún Concello dos 313 de Galicia. O que van facer é, primeiro información de campaña de sensibilización, de recordar que temos que cumprir a Lei, pero si é verdade que a Lei nos esixe que teñamos que ter este corpo de inspección dende o minuto cero. O de levalo con esta premura é xa que o convenio é por seis anos, máis prorroga a catro, é poder acollerse a ese 10% de bonificación o Concello de Salceda que despois a larga suporá menos cartos aos veciños de Salceda.

Sr. Rodríguez Davila: Ninguén está dicindo que non se cumpra a Lei, o que estamos



dicindo e o que dixen é que efectivamente, por iso se pedían unha ampliación do prazo de entrada en vigor, porque como ben se está recoñecendo aquí, como outros moitos lugares, non se está preparado para facer cumprir a Lei, estamos indo correndo e de presa a contracorrente dunha forma pouco seria, no sentido de que non é posible que se faga cumprir a Lei cando a administración que ten que facer cumprir a Lei non ten todo preparado e todo disposto para que os veciños, os comerciantes, etc... poidan cumprir a lei. Somos os primeiros que debemos dar exemplo e ao final estamos facendo todo ao revés, igual que o pago a provedores exactamente e o mesmo caso, é dicir, en vez de dar exemplo de pago e de solvencia, non, facemos todo o contrario e a culpa é dos demais. Insisto, iso non ten nada que ver con que efectivamente haxa ou non haxa que cumprir a lei que si, que a hai que cumprir. Vou ler o que o informe de secretaría: *“debe advertirse que ante as funcións deste corpo de inspección provincial non se establece de forma expresa a elaboración destas actas de denuncia por infracción da normativa de residuos, competencia que se considera relevante na medida en que a denuncia é esencial para que o Concello poida tramitar os expedientes sancionadores que se deriven das inspeccións realizadas tal como establece a cláusula segunda do convenio, si se establece que o persoal inspector elaborará actas, así como recomendacións e/ou informes de boas prácticas para no seu caso a tramitación do correspondente expediente sancionador por parte do Concello pero resultaría acaído que no convenio se establecera de forma máis clara”*. Isto é o que di o informe de Secretaría, creo que hai dúbidas ao respecto, ademais aquí non estamos falando de delegar a competencia total sobre o cumprimento da Lei, que si ese fose o caso nós non estaríamos en contra de facela, como se fixo no seu momento coa a xestión e a recadación do IBI, este non é o caso, aquí estamos simplemente a adherirnos a un convenio para unha inspección pero logo terá que ser o Concello, os funcionarios, quen fagan o expediente sancionador etc... estamos facendo a medias e eu creo que isto non vai dar resultado, ogallá me equivoque e que no futuro teñamos que recoñecer que se fixeron ben as cousas, pero eu creo se empeza mal e que logo dos informes e logo de como se está poñendo en marcha esta Lei, correndo e sen ter todo previsto, sen ter eses corpos creados, sen ter os contedores na rúa, sen ter información suficiente á cidadanía, os comerciantes e a industria, creo que non é a maneira de poñer en marcha unha Lei e sobre todo, creo que se está poñendo antes os carros que os bois, no sentido de que a idea de ir xa a inspeccionar aínda que sen sancionar, como vostede di, verémolo. Nós, a día de hoxe, insisto a día de hoxe, non estamos a favor de por en marcha isto porque a realidade é a que é, non hai nada preparado, non hai información, non hai ningunha campaña, non hai o corpo de inspección creado, non podemos acollernos ás bonificacións que di o convenio porque como dixen, si entra en vigor, vai a ser nos últimos meses e polo tanto o referente ao ano 2022 no lo comemos para nós, etc... non hai ningunha cousa concreta respecto do orzamento da vinculación do Concello e múltiples cuestións que daría para falar moito máis tempo, poderíamos falar do que di o informe de Secretaria, do que di o informe de Intervención, do que di a realidade, e a realidade é que estamos como estamos e vamos a empezar, humildemente o digo, a casa polo tellado e creo que á larga veremos os problemas que vamos a ter como así se recoñeceu por parte de algún grupo de goberno. Todos



queremos cumprir a Lei, todos queremos a reciclaxe, etc... pero creo que hai que facer as cousas con un pouquiño máis de pausa, sen parar pero con pausa e con sentido.

Sr. González Coto: Este é un convenio para todos os concellos da provincia de Pontevedra, é unha ferramenta que saca a Deputación e que está aclarado coa Deputación, no informe de Secretaria xa nos di que dentro das funcións está as de elaborar as actas, xa nolo aclarou a Deputación que van a ter que facer ese traballo eles.

Sr. Rodríguez Davila: Si as actas as teñen que facer eles, pero o que dixen antes, o normal e lóxico é cederlle toda a competencia para que se cumpra o tema, non sería moito máis fácil incluso que o Concello tivera que aportar algo máis economicamente e que o Concello cedese toda a competencia respecto do cumprimento desta Lei, como se fixo co IBI, como se fai noutras áreas? Desta maneira lle estamos cedendo unha parte pero por outra parte o marrón o ten que comer o Concello administrativamente, porque ten que facer o expediente administrativo correspondente en función do que faga ese informe de ese suposto corpo de inspección. Vamos a ver si non hai recursos ao respecto da creación de ese corpo, etc... Por iso digo que non está ben claro o tema, e creo que primeiro había que facer toda a organización de como se vai cumprimentar e como se fai facer cumprir esta lei e unha vez estea todo claro, estea todo xuridicamente atado e que non vai a haber problemas xurídicos de recursos etc... logo traíámolo a pleno, acollámonos a ese convenio e poñámolo en vigor, pero eu creo que humildemente é un erro sumarse a isto sen ter todo ben atado, logo dos informes e logo da polémica que vai haber respecto da creación deste corpo de inspección, tempo ao tempo, e xa digo, ogallá nos equivoquemos.

Sra. Alcaldesa: Creo que todos, calquera tipo de convenio dos moitos que afortunadamente temos coa Deputación de Pontevedra, moitos ao principio teñen cousas que mellorar, se trata de comezar, de ir facendo camiño e ir mellorando aquilo que poida xurdir. É un convenio que como dicía o compañeiro de Medio Ambiente, Rubén, para todos os concellos, un convenio que propón a Deputación de Pontevedra sobre todo para suplir moitas deficiencias que podemos ter concellos como o noso en persoal, creo que calquera pasiño que vaíamos dando cara a un medio ambiente moito máis sostible é un gran paso para todos e para todas, creo que iso é no que debemos fixar a mirada hoxe e é o que debemos facer con este convenio. Esta normativa de residuos era necesaria, cando escoito que unha lei como esta tiña que ir máis amodo, Lei de 8 de abril de 2022, eu botaba de menos unha lei en materia de residuos, unha lei importante, unha lei seria e que ten que ir dando pasiños, porque calquera pasiño que demos neste eido será un gran paso para todas e para todos polo cal benvinda. Benvido sexa tamén este convenio, por suposto seguiremos a traballar e estou segurísima que o Concelleiro de Medio Ambiente máis que ninguén, en ir mellorando todo o que se poida e ir poñendo en marcha todas as medidas necesarias para ir cara a ese medio ambiente máis sostible, que entendo



que todos e todas debemos defender. Dou lectura a Proposta de acordo seguinte:

“Visto que a nova normativa en materia de residuos (Lei 7/2022, de 8 de abril, de Residuos e Solos Contaminados para unha Economía Circular), supón un cambio substancial na tradicional visión que se tiña do tratamento dos residuos, con importantes esixencias para os Concellos, unha das máis relevantes é a de acadar unha serie de obxectivos de separación e preparación para a reciclaxe de alta calidade.

Visto que para evitar posibles sancións, as entidades locais deberán establecer mecanismos de control, mediante caracterizacións periódicas, e redución de impropios para cada fluxo de recollida separada (artigo 25.4 da Lei 7/2022, do 8 de abril).

Visto que o artigo 12 da Lei 7/2022, do 8 de abril, establece que no ámbito das súas competencias corresponde ás entidades locais exercer a potestade de vixilancia e inspección e a potestade sancionadora.

Visto que o Concello carece dos medios persoais e materiais necesarios para por en marcha o servizo de vixilancia e inspección en materia de residuos.

Considerando que a necesidade anteriormente exposta podería satisfacerse a través de una encomenda de xestión a favor da Deputación Provincial de Pontevedra formalizada mediante o “Convenio de cooperación entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Salceda de Caselas polo que se regula a encomenda de xestión do servizo de vixilancia e inspección en materia de residuos” remitido pola Deputación.

Visto o disposto nos informes de Secretaría núm. 2022-0020 e de Intervención núm. 2022-0148.

*Propoño ao Pleno a adopción o seguinte **ACORDO**:*

PRIMEIRO. Encomendar á Deputación Provincial de Pontevedra a xestión do servizo de vixilancia e inspección en materia de residuos municipais.

SEGUNDO. Aprobar o “Convenio de cooperación entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Salceda de Caselas polo que se regula a encomenda de xestión do servizo de vixilancia e inspección en materia de residuos”, que recolle todos os aspectos relativos ao obxecto, obrigación, financiamento e vixencia da encomenda e que se adxunta como Anexo.

TERCEIRO. Remitir certificado deste acordo á Deputación Provincial de Pontevedra para a súa aceptación e firma.



CUARTO. Facultar á Alcaldesa para a firma do Convenio e de cantos documentos sexan precisos para a consecución deste acordo.”

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta, esta resulta **APROBADA** por **SETE** votos a favor dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda (4) e **PSdeG-PSOE(3)** e **CATRO VOTOS EN CONTRA** dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal do Grupo Municipal Partido Popular, adoptándose o seguinte **ACORDO:**

PRIMEIRO. Encomendar á Deputación Provincial de Pontevedra a xestión do servizo de vixilancia e inspección en materia de residuos municipais.

SEGUNDO. Aprobar o “Convenio de cooperación entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Salceda de Caselas polo que se regula a encomenda de xestión do servizo de vixilancia e inspección en materia de residuos”, que recolle todos os aspectos relativos ao obxecto, obrigación, financiamento e vixencia da encomenda e que se adxunta como Anexo.

TERCEIRO. Remitir certificado deste acordo á Deputación Provincial de Pontevedra para a súa aceptación e firma.

CUARTO. Facultar á Alcaldesa para a firma do Convenio e de cantos documentos sexan precisos para a consecución deste acordo.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

